



## O xurado encargado de seleccionar os gañadores do Concurso Escolar do Parlamento celebra a súa derradeira reunión

- Os premios serán entregados a comezos de maio

**Santiago, 7 de abril de 2014.-** O xurado encargado de seleccionar os gañadores da cuarta edición do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia celebrou este luns a súa derradeira reunión, como paso previo á divulgación do seu fallo. Os premios serán entregados nun acto que se celebrará no Parlamento de Galicia a comezos do vindeiro mes de maio.

O lema desta edición é “O Parlamento de Galicia contigo e polos teus dereitos”. Ao igual que nas anteriores edicións, o concurso estrutúrase en tres modalidades, axustadas ás destrezas de cada grupo de participantes. A primeira delas, denominada “Imaxina a pintura” está orientada aos nenos de educación infantil, de 1º, 2º e 3º de educación primaria e de educación especial.

Os alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria e de 1º e 2º de secundaria poden participar na modalidade “Escribe o teu conto”, mentres que os alumnos de 3º e 4º de educación secundaria poden competir na modalidade “Exprésate”. Esta última é de expresión libre e permite concursar con calquera tipo de expresión creativa, como vídeo, fotografía, spot publicitario ou calquera outro relacionado coas tecnoloxías da información.

### Traballos colectivos

Todos os traballos admitidos neste concurso son de elaboración colectiva, e deben estar feitos por entre dous e cinco alumnas e alumnos. Cada clase só pode presentar un traballo e cada colexio un máximo de cinco orixinais por modalidade. A selección foi efectuada no propio centro.



## Achegar o Parlamento aos máis novos

O concurso escolar enmárcase na estratexia encamiñada a achegar o Parlamento de Galicia aos máis novos e forma parte dunha aposta máis ampla que inclúe outras accións como os plenos infantís, as charlas-coloquio de exdeputados en centros de secundaria, o programa de visitas guiadas ao Parlamento, a edición de material bibliográfico dirixido aos escolares e, máis recentemente, a exposición “51 páxinas das letras galegas”, inaugurada en decembro pasado e que está a percorrer diferentes puntos da xeografía galega.

## Composición

A composición do xurado do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia é a seguinte:

- ✚ Miguel Santalices Vieira, Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia. Preside o xurado.
- ✚ María Concepción Burgo López, Vicesecretaria do Parlamento de Galicia.
- ✚ María Soledad Piñeiro Martínez, presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura, en representación da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera.
- ✚ Vicente Docasar Docasar, deputado do Grupo Socialista, en representación de María Soledad Soneira Soneira Tajés, Vicepresidenta 2º do Parlamento de Galicia.
- ✚ Moisés Blanco Paradelo, deputado do Grupo Popular, en representación de José Manuel Balseiro Orol, Secretario da Mesa do Parlamento.
- ✚ Xosé Manuel Rosales Noves, profesor designado polo Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.